Escrito por Redaccion @valminorinfo
Xoves, 27 Setembro 2012 20:49



A Concellería de Deportes do Concello de Gondomar informa que mantén aberto, dende o pasado día 17 de setembro, o prazo de inscrición das escolas deportivas municipais. As actividades que se ofertan para o curso 2012/2013, e que comezarán o vindeiro día 1 de outubro, son as seguintes:

Escola de iniciación ó deporte: De 3 a 6 anos /Martes e xoves, de 18:00 a 19:00 h.

Escola de Multideporte: De 5 a 18 anos / Martes e xoves, de 19:00 a 21:00 h.

Escola de Taekwondo: De 5 a 18 anos / Martes e xoves, de 17:30 a 19:30 h.

Escola de tenis: De 5 a 18 anos / Luns e mércores, de 17:00 a 18:00 h.

Escola de tenis de mesa: De 5 a 18 anos / Martes e xoves, de 17: a 18:00 h.

Escola de patinaxe: De 5 a 18 anos / Luns e mércores, de 16:45 a 20:30 h.

Escola de piragüismo: De 8 a 18 anos / Venres, de 16:30 a 18:30 horas

Escola de atletismo: De 9 a 18 anos / Martes e xoves, de 19:00 a 20:00 h.

Escola de patinaxe para adultos : Maiores de 18 anos /Mércores de 20:30 a 21:30 h e venres de 19:30 a 20:30 horas.

Ximnasia de mantemento: Maiores de 18 anos / Luns. Mércores e venres, de 20:30 a 22:30 horas.

Os interesados poderán inscribirse, de luns a venres, en horario de 10:00 a 12:00 e de 17:00 a 20:00 horas, no pavillón municipal. O custe por actividade é de 65,76 euros mais 9,85 euros de seguro, de acordo as taxas aprobadas e publicadas no BOP nº249 do 29 de decembro de 2012.